



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 03/03/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.
- D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.
- D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día tres de marzo de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezoito de febreiro do presente ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.**

Dase conta de varias solicitudes de subvención formuladas mediante resolucións da Alcaldía e acordos da Xunta de Goberno Local, que xa obran en coñecemento dos concelleiros, sobre os que xa foi emitido dictame favorable por parte da comisión informativa competente e, especialmente, do acordo acadado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado día 05/02, de actualizar os cadros de tarifas de varias ordenanzas fiscais do Concello, nas que estaba prevista esa actualización automática e por unha contía equivalente á experimentada



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

polo índice de prezos ó consumo publicado polo Instituto Nacional de Estatística, un coeficiente do 1,03. Este acordo debe ser ratificado polo Pleno.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda manifestar a toma de razón polo Pleno do Concello dos referidos acordos e a ratificación do referido ás ordenanzas fiscais.

Dase conta igualmente do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en relación coa aprobación dun prezo público para unha actividade puntual a organizar polo concello, en concreto un curso de redacción.

Dase conta de seguido do contido da Resolución da Alcaldía do 28 de febreiro, relativa a delegacións e nomeamentos de concelleiras, que literalmente di:

“Rematado o procedemento para a substitución do concelleiro e tenente de alcalde Xosé López Gudín, tras a renuncia voluntaria formulada por el, coa toma de posesión da seguinte candidata na lista do BNG, María del Carmen García Pérez, considerando necesario resolver coa brevidade posible cuestións de funcionamento relativas á designación das persoas que deben substituír ao Sr. López Gudín nos cargos que ocupaba na estrutura orgánica municipal, por designación da Alcaldía.

Vista a lexislación aplicable ó asunto, fundamentalmente os artigos 61 e 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como o resto de normas complementarias e concordantes, esta Alcaldía

#### RESOLVE:

1º.- Nomear Terceira Tenente de Alcalde á Concelleira Maria del Carmen Garcia Perez.

Como Tenente de Alcalde realizará, segundo a orde deste nomeamento, as funcións que lles atribúen os artigos 63 da Lei 5/1997 e 47 do ROF.

2º.- Realizar con carácter xenérico, nos términos indicados no artigo 43-3 do ROF, a delegación de atribucións que seguidamente se indica, especificando que as atribucións, facultades e competencias delegadas non comprenderán a facultade de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que se corresponde á Xunta de Goberno Local, e que se exercitarán con sometemento ó réxime xeral previsto no referido Regulamento:

- En favor de María Amparo Calvo González, para as áreas de Urbanismo, Obras e Servizos.

- En favor de Maria del Carmen Garcia Perez , para a área de Medio Ambiente e Sanidade.

3º.- Nomear membro da Xunta de Goberno Local á concelleira Maria del Carmen Garcia Perez.

4º.- Ordear que se notifique persoalmente o contido da presente Resolución ás designadas, que se dea conta da mesma ó Pleno da corporación, na primeira sesión que éste celebre e que se publique no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, ós efectos legalmente procedentes, en cumprimento do disposto na normativa aplicable.”



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

### TERCEIRO. ACORDOS SOBRE MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO.

Dase conta da necesidade de incorporar ó inventario os bens inmobles que de seguido se indican, adquiridos polo Concello nos últimos anos:

- Parcela no lugar de Currás, parroquia de San Sadurniño, xunto á área recreativa municipal, cuxa referencia catastral é 15077A133000010000HQ, identificada mediante a seguinte descrición:

“Terreno dedicado a regadío y pasto, actualmente matorral, conocido con el nombre de “Naranxolo”, de tres ferrados y sesenta y cinco céntimos de extensión superficial, equivalentes a unas diecinueve áreas y nueve centiáreas, aunque según reciente medición catastral posee veintiuna áreas y treinta y siete centiáreas. Sus linderos son: Norte, camino; Sur, Concello de San Sadurniño; Este, camino, y Oeste, Faustino López y camino.”

- Parcela fronte ó cemiterio de San Sadurniño, adicada a aparcamento de vehículos que ten as seguintes características:

Labradío al sitio conocido por “CONVENTO DA FRAGA”. Tres ferrados o quince áreas veintisiete centiáreas. Linda: Norte, camino público; Sur, Eleuterio Rodríguez; Este, Eleuterio Rodríguez, y Oeste, herederos de Honorinda López.” Segundo recente medición efectuada por técnico competente, ten a superficie de catorce áreas e corenta e seis centiáreas, e os seus lindeiros actualizados son; Norte, herdeiros de Gumersindo Malvar Loureiro; Sur, Manuel Calvo Hermida; Este, vía pública e Oeste, Manuel Rivera Pico.

- Tres parcelas cedidas gratuitamente pola Administración do Estado nas parroquias de Bardaos e Lamas, mediante documento administrativo de cesión gratuita de data do 27 de decembro de 2011, que son as seguintes:

1.-Finca de referencia catastral 15077A501002990000YR situada no Lugar de A Fraga, na Parroquia de Santa María de Bardaos, da superficie de 0,4125 Ha.

2.-Finca de referencia catastral 15077A503002990000YA, situada no Lugar de Cerdeira, na Parroquia de San Xiao de Lamas, da superficie de 0,0740 Ha.

3.-Finca de referencia catastral 15077A503009700000YH situada no Lugar de Rega da Veiga, na Parroquia de San Xiao de Lamas, da superficie de 0,1826 Ha.

Estas fincas están destinadas, segundo o indicado no referido documento administrativo, a posibilitar o acopio de materiais procedentes de cortas de madeira e actividades destinadas á conservación medioambiental, e son intransmisibles.

- Tres tramos de antigos trazados de estradas de titularidade autonómica cedidas pola Xunta de Galicia, cuxas características detalladas constan nos seguintes dous decretos publicados no DOG:

- Decreto 95/2008, do 24 de abril, polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da AC-861 Vilalba (N-634)-límite provincial-Igrefaifeita (AG 64)p.k. Do 44+750 ao 45+180 a prol do Concello de San Sadurniño, publicado no DOG nº 92, do 14/05/2008.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- Decreto 8/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da antiga estrada C-641, de referencia na AC-861: 45+180 e 45+450 e doutro treito da antiga estrada C-642 p.k. de referencia na AC-862: 17+090 e 17+250 a prol do Concello de San Sadurniño, publicado no DOG nº 16, do 23/01/2009.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda a inclusión dos referidos bens inmoables no Inventario de Bens deste Concello.

#### CUARTO. APROBACIÓN DE MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES.

Dase conta polo Sr. Alcalde do informe de Secretaría en relación co novo réxime de apertura de establecementos e exercicio de actividades introducido por varias leis estatais, fundamentalmente pola Lei2/2011, de 4 de marzo, de economía sostible, e da proposta de establecemento dun réxime provisional de comunicación previa e declaración responsable que rexiría mentres se aproba a necesaria normativa estatal de desenvolvemento, aínda pendente; ó referido informe xúntase como anexo un modelo para este tipo de declaracións, realizado en colaboración coa arquitecta municipal.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello.

A Corporación, enterada do contido do informe de que se trata, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á utilización do modelo de "comunicación previa e declaración responsable para o exercicio de actividades".

#### QUINTO. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE BECAS ESCOLARES 2012.

Dase conta polo Sr. Soto do contido das bases para a concesión de bolsas escolares e axudas para gastos de conciliación da vida laboral e familiar de 2012, das que di que son semellantes ás do ano pasado, e detalla as cantidades previstas para cada partida de axudas das que se integran na convocatoria, salientando o grande esforzo que supón manter as contías en tempos de crise como estes

Toma a apalabra o Sr. Márquez para indicar que a partida de 3.000 auros que antes se destinaba a garderías, destínase agora a servizos de conciliación, e que considera que esta descripción é indefinida e debería concretarse, e que as garderías, das que seguimos carecendo en San Sadurniño, deberían seguir sendo o principal destino destas axudas. A Sra. Muiño interven de seguido para indicar que as bases fan referencia a diversos espazos de conciliación para recoller a realidade social actual, na que, non habendo garderías, as familias utilizan a ludoteca recentemente aberta pola cooperativa Maragota, e que as solícitudes de



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

subvención para estas actividades de conciliación deberán xustificarse adecuadamente. O Sr. Márquez pregunta se entón as bases fixéronse para subvencionar a asistencia á ludoteca de Maragota, e a Sra. Muiño resposta que a Lei de Familia recolle os espazos de conciliación, entre os que se atopan as ludotecas, e a posibilidade de uso dos máis próximos. O Sr. Márquez insiste en que aplicando este novo criterio, pode que a cantidade prevista non chegue para atender solicitudes de axudas para garderías. O Sr. Alcalde interven para dicir que o servizo dispoñible para os veciños do Concello reduciuse polo peche dunha escola infantil privada que había en Neda, e que habitualmente a partida non se agota, ademáis de que se incrementaron os ingresos familiares máximos para participar na convocatoria, polo que se pode garantir que se atenderán tódalas solicitudes, e di tamén que a Lei da familia contempla a existencia destes centros. O Sr. Márquez pregunta se con estas bases poderíanse financiar tamén servizos de canguro, e o Sr. Alcalde resposta que en principio si, aínda que eses servizos xa non están incluídos na Lei de Familia. En relación coa posible concreción do obxecto das subvencións neste apartado, o Sr. Alcalde ofrece a posibilidade de consensuar entre os grupos políticos unha relación dos espazos que se considerarán incluídos na definición das bases, indicándoo así nas propias bases.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, coa modificación consistente en que a relación dos servizos que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar será consensuada polos representantes dos grupos políticos coa brevidade posible, e ordear a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

#### SEXTO. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES CULTURAIS 2012.

Dase conta polo Sr. Varela do contido das bases para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2012, e de dúas pequenas modificacións respecto ás bases de anos anteriores, nos criterios de valoración e na previsión de axudas a entidades con locais propios.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, e ordear a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

#### SÉTIMO. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS 2012.

Dase conta polo Sr. Soto do contido das bases para a concesión de subvencións para promoción do deporte e entidades deportivas 2012, das que di que son as mesmas que as do ano



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

pasado, e detalla as cantidades previstas para cada partida de axudas das que se integran na convocatoria, e que tamén hai dous convenios con outras entidades deportivas, adecuadamente recollidos no presuposto. O Sr. Márquez pregunta se algunha entidade solicitante quedou fora desas axudas, respostándose polo Sr. Soto que non, que soamente se requeriu a aportación de documentación complementaria. O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, e ordear a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

#### OITAVO. MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE EN GALICIA.

O Sr. Soto resume o contido da moción de que se trata, que literalmente di:  
“A Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatíbel co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola Plataforma SOS Sanidade Pública vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutive en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuito e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza"

Toma a palabra de seguido o Sr. López Loureiro, que procede a ler o seguinte texto:  
Resposta á moción do BNG sobre a defensa e promoción da sanidade pública.

"1. O Grupo Municipal Popular do Concello de San Sadurniño somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación os seguintes acordos:

- Instar á Xunta de Galicia a que continúe defendendo o carácter público da sanidade galega, de calidade e realizando unha xestión eficiente e responsable dos recursos públicos.
- Instar á Xunta de Galicia a que prosiga mellorando a capacidade resolutive da Atención Primaria.
- Instar á Xunta de Galicia ao mantemento do modelo descentralizado do sistema sanitario galego a través das áreas sanitarias (espazos para a planificación, asignación e xestión integral dos recursos) en base ás necesidades sanitarias da poboación e coa súa participación activa.
- Rexeitar as mobilizacións da Plataforma SOS Sanidade Pública, que pretenden unicamente a criterios de oportunismo político e que nada contribúen á mellora e desenvolvemento da sanidade galega.

Unha vez máis lamentamos, aínda que xa estamos acostumados, a utilización da demagogia como ferramenta política no eido da sanidade alarmando á sociedade galega. O PP sempre defendeu e defenderá o carácter público da sanidade galega como xa ten demostrado ao



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

longo de máis de 15 anos de goberno na nosa Comunidade Autónoma e mesmo ao longo das 2 lexislaturas do goberno do PP en España.

O compromiso da Xunta é o de mellorar a saúde dos cidadáns garantindo os seus dereitos a través do eficiente desenvolvemento dos recursos sanitarios e a mellora continua da atención sanitaria. Cremos que ese compromiso está fora de toda dúbida. (Exemplos: equipamento e dotación do novo hospital de Lugo e iniciación do novo hospital de Pontevedra. Tamén se remataron 18 centros de saúde, hai 4 en execución e 18 pendentes de licitación).

2. É rotundamente falso manter que o goberno do PP estea a privatizar a sanidade galega e resulta tremendamente demagóxico que esta afirmación proceda dun grupo político que non só mantivo a política de concertación cos hospitais privados senón que a incrementou cando tivo responsabilidades de goberno.

Sobre o financiamento, a utilización de novas fórmulas de xestión (financiamento por pago aprazado, etc.) estanse a utilizar en todos os ámbitos da xestión pública, opción independente das cores políticas e que se ven aplicando en moitos países do noso entorno (Suecia, Alemaña ou Irlanda) e mesmo en España en Comunidades Autónomas como Asturias, Baleares, Cataluña ou Castela A Mancha). Esta fórmula consiste en que a construción do edificio finánciase a través de unha ou varias empresas a cambio de ser estas, posteriormente, adxudicatarias dos servizos complementarios do centro (limpeza, cociña, cafetería, etc.) durante un período de tempo suficiente para poder amortizar a inversión.

Estamos de acordo en utilizar fórmulas que garantan en todo momento unha xestión pública 100% e máxima calidade asistencial e dos servizos para os nosos veciños.

3. Estamos de acordo con mellorar a capacidade resolutiva dos médicos de cabeceira e nos Centros de Saúde de Atención Primaria. Así a carteira de Servizos estase a ampliar cada vez máis e nos últimos dous anos veuse significativamente mellorada ao poder solicitar máis probas complementarias e con máis axilidade como por exemplo: SINTROM, seguimento embarazo, educación maternal, citoloxías, TACs, Ecografías, Mamografías, Endoscopias dixestivas, etc.

4. Hai que recordar que foi precisamente o goberno do PP o que iniciou a implantación do modelo de descentralización do sistema sanitario galego en áreas, cunha Xestión Integrada (Xerencia Única de Área, un único xerente para hospitais-ambulatorios e Atención Primaria) empezando na área de Ferrol.

Durante os 4 anos de goberno bipartito este modelo quedou, como tantas outras cousas, totalmente parado, sen conseguir implantalo en ningunha área máis en toda Galicia.

Foi de novo cun goberno do PP na Xunta co que podemos ver ese mesmo modelo implantado xa na área de A Coruña, e en fase de desenvolvemento na área de Santiago.

Mágoa que non se lembraran durante 4 anos de bipartito de reivindicarlle aos seus compañeiros ese modelo."

O Sr. Alcalde pregunta se o texto é unha moción e de qué tipo, e lembra o réxime da iniciativa lexislativa popular, manifestando a súa discrepancia co exposto polo Sr. López Loureiro e indicando que as consignas non poden negar a realidade, e fai referencia á falla de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

médicos especialistas, á deficiente substitución das baixas e ó modelo económico baseado na contribución da iniciativa privada e por tanto no beneficio privado.

O Sr. Márquez di que a iniciativa lexislativa xurde porque hai un problema, unha serie de recortes que repercuten negativamente na sanidade, polo que lle parece increíble votar en contra desta proposta; hai que ser conscientes do problema e tratar de salvar dos recortes ós máis débiles.

O Sr. Soto di que o problema non son soamente os recortes, senon o modelo, a visión do mundo que con eles se estende, que supón un cambio radical contra o que se manifesta a plataforma, integrada por forzas sociais e políticas pero tamén por non adscritos, xente sen manipular que se manifesta como dona da rúa, en reacción ante reformas que lle afectan de maneira directa.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello. Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción presentada polo BNG.

#### NOVENO. MOCIÓN DO BNG EN CONTRA DA REFORMA LABORAL.

O Sr. Soto resume o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenes máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais. A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
- Crea un contrato indefinido específico, denominado "de apoio aos emprendedores", mais aplicábel ao 99 por 100 da empresas en Galiza, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
- Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir -con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecerían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma.
2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentares do Congreso de Deputados e Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza."

Interven de seguido o Sr. Márquez, para dicir que do que se trata é da redución de dereitos ganados nos últimos trinta ou corenta anos, mediante a aplicación de medidas que



San Sadurniño

[www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

tampouco logran reducir o paro, que segue a aumentar, medidas que non solucionan nada e que agravan a situación dos máis desfavorecidos, polo que apoia totalmente o contido da moción.

Toma a palabra de seguido o Sr. López Loureiro, para ler o seguinte texto, de contestación á moción do BNG:

"1.- A reforma da mecanismos aos traballadores e traballadoras para que o despedimento sexa o último recurso. Xeneraliza a indemnización de 33 días do contrato para o fomento do emprego que foi pactado en 1997 polos axentes sociais e clarifica e obxectiva as causas do despedimento procedente de 20 días que xa existía e que, por tanto, non foi creado por esta reforma.

Respecta os dereitos adquiridos dos traballadores xa que para os contratos antigos, a nova indemnización só será de aplicación para o período de traballo que se realice a partir da aprobación da presente norma, é dicir, non ten carácter retroactivo. (Ata a entrada en vigor desta reforma as condicións son as anteriores a ela).

2. A reforma non estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ofrece máis flexibilidade ao empresario e aos traballadores para modular a súa relación laboral para axustarse mellor ás necesidades do momento e evitar o mecanismo do despedimento, podendo facer adaptación de funcións, distribución da xornada, etc., todo isto de xeito consensuado. Esta maior flexibilidade pretende dar maior seguridade a empresarios e traballadores para que de verdade o despedimento pase a ser o último recurso.

3. Mantense o procedemento articulado ata a dato nos ERE, pero se deben de ter en conta tres aspectos:

- Elimínase a autorización administrativa previa e mantense a obrigaçión de comunicación a autoridade laboral.
- Se non hai acordo os traballadores ou os seus representantes sempre poderán acudir á vía xudicial, como ata a data.
- Obrígase á empresa a establecer e financiar un plan de recolocación externa cando o despedimento afecte a máis de 50 traballadores (este é o aspecto máis novidoso).

4. O contrato por tempo indefinido de apoio aos emprendedores fomenta o emprego estable e indefinido e está destinado ás PEMES de menos de 50 traballadores e aos autónomos e cos seguintes incentivos fiscais:

- Contratación dun mozo menor de 30 anos > dedución fiscal de 3000€ durante un ano.
- Se é un desempleado poderá deducirse o 50% da prestación de desemprego dese traballador durante un ano e ademais permitirlle ao traballador continuar cobrando o 25% da súa prestación por desemprego mentres teña dereito a ela.

No suposto de contratar desempregados inscritos na Oficina de Emprego a empresa terá dereito ás seguintes bonificacións fiscais:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- Contratando mozos de menos de 30 anos > poderanse bonificar ata 3300€ durante 3 anos (1000€ o 1º ano, 1100€ o 2º e 1200€ o 3º)
- Se son mulleres > poderanse bonificar 3600€ tamén durante 3 anos (1100€ o 1º, 1200€ o 2º e 1300€ o 3º)
- Se son parados de longa duración, a bonificación será de 1300€ durante 3 anos 1500€ se son mulleres.

5. Esta reforma laboral pretende garantir:

- O impulso da contratación indefinida e fixa a base de crear emprego estable e de calidade.
- A dotación de ferramentas a traballadores e empresarios para que o despedimento sexa a última opción
- Que non se facilite o despedimento senón que se trata de obxectivar as súas causas para que non haxa inseguridade xurídica.
- A contribución a frear a senda de destrución de emprego dos últimos anos.

CONCLUSIÓNS:

- Esta reforma é valente e pretende atallar a destrución de emprego que se converteu nunha costume neste período de goberno socialista.
- Creemos que é a reforma que España necesita para crear emprego no momento que a economía despegue de novo.
- E aínda cremos máis nela vendo as felicitacións recibidas dos nosos socios europeos, que nos fan gañar a confianza da Unión Europea e dos mercados."

O Sr. Alcalde insiste en que a reforma non vai solucionar nada, e chama a atención sobre a petición de Rubalcaba de que se informe dos datos do paro por días dende a entrada en vigor desta reforma, porque o seu incremento sería escandaloso. Se vai a un modelo aberto, sen dereitos laborais, no que rexirá a lei da selva, como coa posibilidade de despido por baixas por enfermidade, a unha desregulación total con recortes sociais relacionados coas bonificacións fiscais ó empresariado.

Toma a palabra a concelleira Sra. Fernández, para dicir que do que se trata é de tratar de reducir o paro, e que haberá que agardar uns meses para comprobar se as medidas funcionan.

O Sr. Alcalde di que a situación é culpa do liberalismo e das privatizacións, e que dende a reforma do 96 pódese despedir a calquera casi gratis, que as empresas non pechan porque os traballadores ganen moito e que a solución á crise non é recortar dereitos ata chegar á escravitude, nin medidas como a supresión da autorización previa para os expedientes de regulación de emprego, xa que a lei da oferta e da demanda, no mercado laboral, soamente funciona con pleno emprego, mentres que co paro que temos, xenera escravitude.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello. Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción presentada polo BNG.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

#### DÉCIMO. MOCIÓN DO BNG SOBRE O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA.

A Sra. Muiño resume o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade facendo desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positiva.

O paro feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego. A nova precarización do mercado laboral e o recorte nas pensións afectará máis negativamente ás mulleres, que son maioría nos traballos a tempo parcial e na economía somerxida, cun promedio de menos anos de cotización e tamén son maioría como perceptoras de pensións non contributivas. Os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan a máis mulleres a asumir de novo o papel de coidadoras non retribuídas. Todos eles son pasos atrás na procura da independencia económica imprescindible para rachar situacións de convivencia de parella violentas.

Ante este deterioro das condicións de vida das mulleres galegas, a Xunta de Galiza renuncia a utilizar as súas competencias para fortalecer as políticas de igualdade e redistributivas e convértese en axente activo do recorte dos dereitos da cidadanía.

Neste 8 de Marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o Partido Popular anuncia que desmantelará como tantas outras políticas públicas de igualdade.

A despenalización do aborto democratizou o acceso á prestación e aliviou a presión moral que se exercía sobre as mulleres que decidían non continuar cun embarazo. A normativa ameazada incorpora políticas de información e prevención de embarazos non desexados, elemento clave en calquera política que pretenda diminuír a súa incidencia. Non hai razóns sanitarias ou sociais, non hai polémica alén da provocada polos grupos radicais conservadores e a xerarquía católica, que xustifique un retroceso de tal calibre.

Dende as institucións onde o BNG ten presenza, dende a rúa xunto coas mulleres militantes feministas que non renuncian a reivindicar os dereitos de cidadanía da outra metade da humanidade, reclamamos o mantemento da lexislación actual e reclamamos que esas Institucións se pronuncien no mesmo sentido.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. O Concello comprométese a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, que garante para elas a libre decisión sobre a súa maternidade.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

2. Pedirlle á Xunta de Galiza que inste ao Goberno do Estado ao mantemento da devandita lei.
3. Demandar do Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva, garantindo o acceso universal aos servizos e programas de saúde sexual e reprodutiva, o acceso a métodos seguros e información sanitaria sobre a anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.
4. O Concello apoia a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, polas organizacións feministas actuantes en Galiza.
5. Enviarlle este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado."

O Sr. Márquez toma a palabra para manifestar o seu acordo e dicir que lembrar a necesidade de profundizar na igualdade é necesario mentres non se acade a igualdade efectiva, e que fan falla máis esforzos aínda pola igualdade agora que a crise se ceba especialmente coas mulleres.

Toma a palabra de seguido o Sr. López Loureiro, para ler o seguinte texto, unha declaración do PP sobre o 8 de marzo:

"O 8 de marzo conmemoramos o Día Internacional das Mulleres, unha data na que reflexionamos sobre o longo camiño percorrido durante a historia para conseguir a igualdade entre mulleres e homes e os pasos que aínda se teñen que dar para continuar avanzando neste obxectivo.

A Constitución Española recolle no seu artigo 14 a igualdade entre os cidadáns e cidadás, ao establecer que "os españois son iguais ante a lei sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".

Nunha situación como a que vivimos nestes últimos anos, cunha profunda crise económica e social, o noso compromiso pola igualdade debe ser máis firme que nunca, redobrando os nosos esforzos para conseguir o progreso laboral e social das mulleres, traballando pola eliminación dos obstáculos que limitan aínda a súa participación e o aproveitamento de todo o seu talento.

O Partido Popular, con motivo do 8 de marzo, quere manifestar a súa vontade de traballar decididamente polo recoñecemento das capacidades e valía das mulleres e polo seu dereito a participar de xeito igualitario en calquera ámbito de actividade, potenciando todas aquelas accións que melloren a compatibilización da vida familiar, persoal e laboral, ao ser conscientes de que seguen existindo moitos obstáculos para desenvolver unha vida persoal e familiar harmónica e unha actividade profesional plena, e que estes obstáculos afectan particularmente ás mulleres.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Así mesmo, reafirmamos o noso convencemento en que a achega das mulleres á solución da crise será decisiva e fundamental, polo que redobraremos os nosos esforzos para conseguir o impulso da súa presenza no mercado de traballo, traballaremos para conseguir a igualdade salarial e apoiaremos as súas iniciativas empresariais, cunha especial atención ás mulleres que viven no ámbito rural. Do mesmo xeito, nos comprometemos a seguir traballando para a definitiva eliminación de todas as formas de violencia contra as mulleres, moi especialmente a violencia de xénero, un dos máis graves males da nosa sociedade. No difícil e complexo momento que vivimos, os nosos esforzos teñen que estar tamén ao lado das mulleres en maior situación de vulnerabilidade, moi especialmente as mulleres soas que son únicas responsables das súas familias.

Queremos ademais facer extensible este compromiso a toda a cidadanía para que, conxuntamente, poidamos camiñar cara a unha sociedade máis respectuosa, tolerante, democrática e próspera, con oportunidades para todas as cidadás e cidadáns, sen que existan diferenzas entre mulleres e homes.”

A Sra. Muiño interven para dicir que algunhas das cousas desa declaración son compartibles, aínda que non entende como se compatibilizan coas medidas que está adoptando o goberno. O Sr. Alcalde di que o texto do PP podería integrarse na moción, pero sen alterar a proposta de acordos, ou ben podería facerse unha declaración institucional entre tódolos grupos con motivo do día da muller traballadora, salvando o tema do aborto.

A Sra. Fernández di que, en relación co tema do aborto, a cuestión que considera principal é o tema da información e consentimento dos pais, xa que non lle parece lóxico que se prohíba o tabaco ou se esixa autorización paterna para facer un pírsin ás menores, pero non para abortar. A Sra. Muiño di que non se pode cuestionar o dereito a decidir sobre o propio corpo, tras recibir a información necesaria, e que é demagóxico razoar en base a tan poucos casos. O Sr. Alcalde di que se trata de garnatir unha igualdade no acceso ó aborto por parte de ricos e pobres, e de separar cuestións éticas ou relixiosas do ordenamento xurídico, e propón que se someta a votación a moción presentada polo seu grupo, promovendo á marxe diso unha declaración institucional na que se recollan os puntos de acordo entre as tres forzas políticas representadas no Concello.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa de asuntos de pleno do Concello. Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP,acorda aprobar a moción presentada polo BNG.

**URXENCIA.** Antes de pasar ó undécimo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión. Non habendo asuntos deste tipo, pásase de seguido ó punto de rogos e preguntas.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Antes do inicio da deliberación deste punto, auséntase da sala, co permiso da presidencia, a conselleira Sra. Fernández.

#### UNDÉCIMO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. López Loureiro formula unha pregunta: se o Concello vai tomar medidas en relación co problema existente coa entrega de envíos postais nalgúns lugares, tras as modificacións aprobadas polo Concello nos nomes de lugares ou rúas e a numeración das edificacións, xa que parece que moitas cartas son devoltas indebidamente ós seus remitentes, cos conseguintes perxuízos para os veciños.

O Sr. Alcalde di que, como veciños, son tamén coñecedores deste problema, que xa se mantiveron moitas xuntanzas con Correos e que se trata dun tema difícil, orixinado por un cumprimento da normativa demasiado estricto por parte dunha traballadora, polo que non se poden tomar medidas amparadas na legalidade. Di tamén que se acordou unha solución provisional, destinando temporalmente unha persoa de Correos para corrixir as deficiencias nos enderezos dalgúns envíos postais. Di que a numeración das edificacións era indispensable, e que xa se recibiran varios requerimentos nese sentido, pero que está resultando moi complicado o cambio do enderezo dos veciños diante dalgunhas administracións ou entidades altamente burocratizadas.

O Sr. Márquez di que non costa nada preguntar os enderezos por parte do persoal do Correos, como se fai noutras partes, ou que se deixen na oficina de Correos as cartas non entregadas, porque este problema causa moitos días de ausencia ó traballo por parte de veciños, e o Sr. Alcalde en que se trata dun problema puntual dunha traballadora da empresa, que xa tivo máis enfrontamentos xudiciais con Correos. O Sr. Varela repite que o problema está en vías de solución coa colaboración institucional de Correos e que o Concello tamén está a colaborar cos veciños, sobre todo coas persoas maiores, para a modificación dos enderezos, que contribuirá á resolución do problema.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e catro minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,